

CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 2678 ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE SQUASH PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “TECNIFICACIÓN DE SQUASH” NAS INSTALACIÓNNS MUNICIPAIS DE BALAIDOS.

En Vigo, a 03 de decembro de 2014

REUNIDOS

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra parte: D. José Raúl Araújo Pérez como Presidente da Federación Galega de Squash, con C.I.F.: G-36644680 e con domicilio social na rúa Fotógrafo Luis Kasado, 11, 36209, Vigo.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade , respectivamente para formalizar o presente convenio de colaboración en materia deportiva.


Autoriza este documento Dna. Concepción Campos Acuña, coma secretaria da Xunta Rectora do Instituto Municipal dos Deportes.

MANIFESTAN QUE:

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes e do Instituto Municipal dos Deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais, ou as de dinamización de programas de tecnificación vinculados co rendemento deportivo ou actividades de formación desenvolvidas polas Federacións de ámbito Galego.

As Federacións Deportivas Galegas son entidades privadas con personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar, e teñen a consideración de entidades de utilidade pública nos termos establecidos na lexislación vixente, cuxo ámbito de actuación exténdese ao termo da Comunidade Autónoma de Galicia no desenvolvemento das competencias que lle son propias.


Tal como marca a *Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia*, corresponderán ás Federacións Deportivas Galegas, con competencia exclusiva na súa modalidade deportiva, entre outras, as seguintes funcións:



- Elaborar os programas de promoción xeral da súa modalidade deportiva no ámbito da Comunidade Autónoma.
- Dirixir e regular as actividades propias da súa modalidade.
- Desenvolver programas de especialización da súa modalidade deportiva.
- Deseñar, elaborar e executar os plans de preparación dos deportistas de alto nivel na súa respectiva modalidade deportiva.
- Colaborar coa Administración Autonómica e cooperar coas correspondentes federacións deportivas españolas, no seu caso, na formación de técnicos deportivos da súa especialidade.
- Organizar e dirixir las competicións de carácter oficial que se desenvolvan no seu ámbito territorial, de acordo coas normas e reglamentos autonómicos, nacionais e internacionais que sean de aplicación.
- Representar a Galicia en actividades e competicións deportivas de carácter estatal ou supraestatal organizando as seleccións autonómicas.
- Colaborar coa Administración deportiva de Galicia, entes locales e agrupacións deportivas escolares na organización e desenvolvemento dos programas xerais do deporte en idade escolar.
- Executar por delegación da Administración autonómica programas de promoción da súa modalidade deportiva.

As actuacións de colaboración das administracións Locais con entidades promotoras do deporte e a A.F, vinculadas ó desenvolvemento de programas de promoción ou a dinamización e tecnificación relacionados co ámbito federativo do deporte, pode contribuir a mellorar o nivel deportivo dos e das deportistas da cidade, a consolidar a Vigo como unha das poboacións que lideran a promoción do deporte na comunidade Galega e a evitar que os e as deportistas Vigueses teñan que desprazarse a outras poboacións para desenvolver estes programas.

Por outra banda, a Ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, no seu artigo 6, apartado c), establece que “as actividades deportivas organizadas polo propio IMD e pola Concellería de Deportes, ben directamente ou a través



de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades (Pessoas físicas ou xurídicas) coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do IMD condicionada á ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración", estarán exentos do pagamento dos prezos públicos correspondentes.

Todos estos aspectos nos levan á necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración coa Federación Galega de Squash no cal búscase como obxecto principal do mesmo encamiñar as actuacións de colaboración como axente coordinador no desenvolvemento da práctica deportiva na instalación das Pistas Municipais de Squash de Balaídos, de cara a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto, polo que enténdese que o contido do obxeto que regúlase neste convenio non está regulado na Lei de Contratos da Admininstracións públicas polo que o negocio queda excluído por razóns obxectivas da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos del sector público.

Que en virtud delo, ambas partes acordan suscribir o presente convenio de colaboración en relación á necesidade de executar e desenvolver as actuacións necesarias baixo os principios e garantias de equilibrio, capacidade, solvencia e que de forma específica especificase nas seguintes clausulas:

CLÁUSULAS

Primeira: O obxecto do presente convenio establecese na colaboración entre o Instituto Municipal dos Deportes do Concello de Vigo e a Federación Galega de Squash para a execución dun programa de dinamización e promoción do squash na instalación Municipal das Pistas de squash de balaídos, baixo os principios e garantias de capacidade, solvencia e responsabilidade da propia entidade en base a:

1. A vontade de fomentar a participación cidadá e de colaborar coa Federación Galega de Squash como elemento activo e colaborador na promoción deportiva.
2. O desexo de ambas as dúas partes de promover a actividade deportiva, adecuandoa ás necesidades particulares que a mesma suscita.
3. A necesidade de planificar e desenvolver actividades deportivas que fomenten tanto o desenvolvemento dun proxecto de tecnificación, como a promoción da práctica da modalidade entre persoas non iniciadas nesta práctica.



Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, o atoparse excluído do ámbito obxectivo de aplicación da lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) (art. 4.d), queda referida ás propias cláusulas do convenio, ás restantes normas de dereito administrativo vinculadas e, no seu defecto, ás normas de dereito privado.

Terceira: A Federación Galega de Squash, á sinatura do convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria, o Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes. Asimesmo, certificará mediante a presentación dos estatutos da entidade quen ostenta a representación legal da mesma e ten capacidade para asinar o presente convenio.

Cuarta: A Federación Galega de Squash, colaborará co Instituto Municipal dos Deportes no desenvolvemento da dinamización deportiva da instalación mencionada na cláusula primeira, a través dos seguintes compromisos:

- a.- Desenvolvemento dun programa de dinamización deportiva na instalación que debe responder a:
 - a.1.-Desenvolver un programa de tecnificación deportiva da modalidade que ofreza unha resposta válida ás necesidades de adestramento dos e das deportistas de alto nivel da cidade.
 - a.2.-Fomentar e promocionar actividades e programas que dinamicen a práctica do squash entre deportistas en idade escolar e aqueles outros programas que se soliciten e se valoren pola dirección do I.M.D.
 - a.3.-Ser mediadores na difusión das actividades do I.M.D., colaborando no seu desenvolvemento.
 - a.4.-Dinamizar e coordinar un programa de actividade para adultos.
 - a.5- Coordinar os programas de tecnificación e formación co IMD, en base ós obxectivos e necesidades dos diferentes programas.
 - a.6- Presentar anualmente o proxecto de actividades a desenvolver no ámbito do presente convenio de colaboración, cos criterios de selección dos e das deportistas participantes no programa, que deberá ser aprobado e autorizado polo IMD.
 - a.7-Presentar a relación nominal de adestradores do programa de tecnificación coas súas titulacións oficiais, e comunicar ó IMD calquera cambio na estructura técnica responsable do desenvolvemento do programa.
 - a.7-Presentar unha memoria das actividades realizadas ó final de cada tempada deportiva.




- b.- Dentro do programa de actividades deberán incluirse as seguintes actividades:
- 3.1.-Adestramentos dos e das deportistas de alto nivel da Cidade de Vigo, cos datos de cada un deles.
 - 3.2.-Programa de dinamización do squash para xóvenes deportistas en idade escolar.
 - 3.3.-Actividades deportivas especiais que se consideren oportunas para o desenvolvemento e difusión da modalidade.
 - 3.4.-A definición da programación deportiva da instalación será definida entre as necesidades existentes, trasmitidas pola Federación Galega de Squash e o I.M.D., autorizando este organismo autónomo o desenvolvemento da mesma.
- c.- Durante os horarios establecidos polo IMD, para o desenvolvemento deste programa de promoción do squash, a Federación Galega de Squash responsabilizarase e garantizará mediante persoal propio autorizado, as tarefas básicas do tutela e vixiancia das actividades.
- d.- O persoal que dispoña a Federación Galega de Squash non terá ningunha relación laboral contractual co IMD, e deberá atoparse baixo o réximen laboral adecuado a súa responsabilidade. Así mesmo deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio cunha cobertura mínima de 450.760 €.
- e.- A Entidade que asina o presente convenio, para garantir un uso adecuado da instalación, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do IMD.
- f.- De forma Xeral tódas as incidencias e necesidades serán trasmitidas coa maior celeridade posible ó departamento correspondente do IMD para o seu fluido tratamento e coñecemento.
- g.- En toda a información e publicidade da actividade deportiva vinculada a este convenio figurará o logo da Concellería de Deportes e do Instituto Municipal dos Deportes como entidades colaboradoras.
- h.- Todos os medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego.

Quinta.- O Instituto Municipal dos Deportes comprométese a:



- a.- Colaborar coa Entidade que asina o presente convenio na programación das diversas actividades deportivas vinculadas con este convenio nos horarios establecidos polo propio IMD e acordados coa Federación galega de Squash.
 - b.- Colaborar coa Federación Galega de Squash na adecuación da programación de actividades na instalación ás necesidades de Federación Galega de Squash.
 - c.- O responsable técnico do IMD xunto coa entidade, realizará o seguimento, control, evaluación e revisión do presente convenio, prestando a súa colaboración e asesoramento técnico nas actividades derivadas do presente convenio, actuando ademais como canal de comunicación continua entre ambas as dúas entidades.
 - d.- O IMD priorizará ás necesidades de usos das instalacións deportivas vinculadas ás necesidades básicas deste convenio, según as normas do IMD, para o desenvolvemento das actividades previstas no Anexo I para o desenvolvemento do programa de Tecnificación deportiva, previa solicitude semanal nas condicións establecidas na Normativa do IMD. A Federación Galega de Squash, a través deste programa deberán solicitar o uso de instalación dentro do prazo establecido polo IMD, e deberán atoparse o corrente coas obrigas co IMD.
 - e.- No período estival, entre o 1 de xullo e o 30 de setembro, salvo o período no que a instalación está pechada ó uso debido á programación anual da mesma ou por necesidades particulares de uso do IMD, a Federación Galega de Squash, sempre que a programación de apertura e peche o permita, desenvolverá o programa de actividades e adestramentos de verán nos Horarios e pistas establecidos no Anexo II.
 - f.- O IMD comprométese a asumir o 50 % do coste total dos precios públicos que se teñen que abonar en base a ocupación das pistas, durante a vixencia do presente convenio.
- Sexta.- O IMD a través do seu persoal cualificado resérvase a facultade de controlar o bo uso das instalacións, así como de emitir informes sobre o debido cumprimento das obrigas contraídas en materia de mantemento e coidado da instalación, para o cal a Entidade que asina este convenio atenderá as indicacións do persoal do IMD responsable da instalación. Neste sentido estableceranse cantas reunións sexan oportunas para o correcto funcionamento deste convenio. Para o seguimento do convenio a Federación galega de squash noemará un interlocutor permanente, que será o responsable da comunicación co IMD.



Septima.- A vixencia do presente convenio terá unha duración de 1 ano dende a data de sinatura, sendo necesaria a renovación do mesmo unha vez finalizada a súa vixencia, previa solicitude da federación durante o último mes de vixencia.

Oitava.- A Federación Galega de Squash non poderá percibir cantidade alguma pola utilización das instalacións obxecto deste convenio, por parte de terceiros, nin poderá autorizar o seu uso unilateralmente para ningún tipo de actividade non recollida expresamente no presente convenio de colaboración sen autorización explícita previa do I.M.D.

Novena: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poderá ser denunciada polas partes, quedando facultado o Presidente da Xunta Rectora do IMD para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

Décima: As actividades organizadas polo IMD ou en colaboración con entidades deportivas non aboarán a totalidade do prezo público que defina a ordenanza de prezos públicos, en torno a 6480 €, en función da ocupación. O IMD asumirá o 50% do total, tal e como se establece neste convenio na cláusula quinta apartado f, en función da ocupación que se faga das pistas.

Undécima: O prezo público o que ascende as horas establecidas nos períodos estivais en torno a 720 € en función da ocupación, o IMD asumirá tamén o 50 % do total, tal e como se establece neste convenio na cláusula quinta apartado f, en función do ocupación que se faga das pistas.

Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscreiben este Convenio por triplicado.

O Alcalde do Concello de Vigo.

D. Abel Caballero Álvarez

O representante da Federación
Galega de Squash

José Raúl Araújo Pérez

A secretaria da Xunta Rectora

D. Concepción Campos Acuña

**Ocupación**

ANEXO I: PROGRAMACIÓN DE USOS PISTAS DE SQUASH 1, 2 E 3 DE BALAIDOS PARA PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE SQUASH:

Tecnificación	Tecnificación	Tecnificación	Tecnificación	Tecnificación	-	-
Tecnificación	Tecnificación	Tecnificación	Tecnificación	Tecnificación	-	-
Tecnificación	Tecnificación	Tecnificación	Tecnificación	Tecnificación	-	-

ANEXO II: PROGRAMACIÓN DE USOS PISTA DE SQUASH 1,2,3 DE BALAIDOS PARA PROGRAMA ESTIVAL DE ACTIVIDADES DA FEDERACIÓN GALEGA DE SQUASH:

Progr. Verán	-	-				
--------------	--------------	--------------	--------------	--------------	---	---

FEDERACIÓN GALEGA DE SQUASH
C/ Fotógrafo Luis Ksado, nº17- 1^a Planta
Oficina 11- Casa do Deporte
36209 Vigo
Tfno.- 986-202501// Fax. 986-202601



*Federación
Galega
de Squash*

C.I.F.- G- 36.644.680

D. JOSÉ RAÚL ARAUJO PÉREZ, con D.N.I: 34.595.367-D, como Presidente, e representante legal, da FEDERACIÓN GALEGA DE SQUASH, con domicilio en C/ Fotógrafo Luis Ksado nº 17, Casa do Deporte, Oficina 11 en Vigo e C.I.F.: G- 36.644.680.

AUTORIZA:

A DOÑA MARÍA DORINDA GARABOA PAZ, con D.N.I. 52.457.195-Z, secretaria da Federación Galega de Squash a asinar os Convenios co Concello de Vigo en materia deportiva.

E, para que conste diante do Concello de Vigo, asino a presente autorización.

En Vigo, a 3 de decembro de 2014

*Federación Galega
Squash*
N.I.F. G-36.644.680
C/ Fotógrafo Luis Ksado, nº 17, 1^a Planta
Local 11 - 36209 VIGO (Pontevedra)
Telf.: 986 202 501 - Fax: 986 202 601
www.fgsquash.org - E-mail: fgsquash@fgsquash.org
Asdo.- D. José Raúl Araujo Pérez
Nº de N.I.F- 34.595.367-D
Presidente da Federación Galega de Squash